

PROCESO DE ADMISIÓN

1. Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar; a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
2. O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
3. O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

Orde do 25 de xaneiro de 2017: Admisión de alumando en centros docentes sustentados con fondos públicos (DOG).

Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, polo que se regula o funcionamento dos **comedores escolares** nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Instrución 3/2015 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 1 de xuño, sobre a xestión do Transporte Escolar no curso escolar 2015/2016.

Orde do 12 de marzo de 2013 de Admisión de alumnado na que especifica cales son as condicións para o uso do **servizo complementario de transporte escolar** na súa Disposición Adicional Segunda.